

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

29 de novembro de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e doce minutos do día vinte e nove de novembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8296.- **ACTAS ANTERIORES**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/H1gXy9t2a1B5RQ9rBLc3NlvPN8qMT4G4O1Goe6ufeiCwGoaX>

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións extraordinaria e ordinaria do 18 e 25 de outubro e extraordinaria do 8 de novembro.

a) Parte resolutiva:

2.8297.- **PRÓRROGA DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023 (EXPTES. 2024077416-2021056329)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/qtBwJnq4YYft5RLlaBEVzVd9U2v7DRf5vs7RhySW8JvaIB7O>

O Plan Concellos 2022-2023, aprobado polo Pleno da Corporación provincial no seu acordo núm. 9.7707, de 26 de novembro de 2021, establece na súa base 21.^a que os investimentos incluídos na anualidade 2023 deberán estar executados o 31 de decembro de 2024 e xustificados na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. Non obstante, na data actual hai 119 investimentos pendentes de xustificar dun total de 281, ademais de encontrárense en trámite diversas actuacións relativas a pagamentos ou á substitución de proxectos subvencionables por outras actuacións que se estiman máis convenientes para os intereses dos concellos.

Debido a diversos motivos que determinados concellos lle expuxeron a esta Deputación, coma a demora na obtención das autorizacións administrativas ou dos permisos necesarios para executar as obras, a reformulación dos proxectos técnicos presentados coas solicitudes como consecuencia do cumprimento das cautelas impostas pola normativa sectorial, a complexidade dos procedementos de licitación dalgúns investimentos unidos a aqueles que quedaron desertos e que obrigaron a habilitar novos procedementos de contratación, están a impedir cumprir o horizonte temporal recollido nas bases reguladoras para os investimentos acollidos á Liña 1 da anualidade 2023.



Ademais, o Plan Concellos 2022-2023 recolle nas súas bases 17.^a e 19.^a a posibilidade de modificar os acordos e as resolucións de concesión cando concorran circunstancias excepcionais e os reinvestmentos das baixas producidas na mesma obra ou noutra distinta.

A propia natureza dos cambios de finalidade, que se producen de modo excepcional e non poden ser previstos na concesión, así como a tramitación de baixas das que, en principio, non se pode dar conta ata a finalización do procedemento de xustificación do investimento primixenio, implican un horizonte temporal máis longo do que se pode prever na concesión orixinal.

Así mesmo, os procedementos de concesión de subvencións por cambio de finalidade ou por reinvestimento de baixas en novos investimentos supoñen unha tramitación administrativa idéntica ás concesións orixinais, polo que semella difícil poder acometer a concesión de novas subvencións, executar as obras e xustificar as axudas no prazo previsto inicialmente no plan.

A pesar de que non todos os concellos presentaron a solicitude de prórroga, estímase conveniente facer extensiva a ampliación do prazo a todos os beneficiarios do plan por canto, en maior ou menor medida, todos se viron afectados pola mesma problemática. Deste modo, garántese a igualdade de trato e de condicións de execución e xustificación dos investimentos subvencionados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Conforme se establece na base 2.^a do Plan Concellos 2022-2023, as axudas que se arbitren a favor dos concellos rexeranse polo recollido nas propias bases reguladoras. Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEO) e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 non se recolle unha previsión expresa respecto da ampliación dos prazos de execución e, no seu caso, de xustificación dos investimentos subvencionados. Non obstante, no artigo 70 do RLXS (de aplicación supletoria) establécese que, salvo precepto



en contrario nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha ampliación do prazo de presentación da xustificación que non exceda a metade deste.

As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación serán os establecidos no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), no que se estipula que a ampliación, se as circunstancias así o aconsellan, deberá producirse antes do vencemento do prazo que se vai ampliar, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas e por un prazo que non exceda a metade do inicial.

Conforme o antedito, ao estimar xustificada a imposibilidade de realizar as obras subvencionadas no prazo de execución establecido, e tomando como referencia para o cómputo o prazo do que dispoñían os concellos desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes, é dicir, o 1 de febreiro de 2023, ata o límite máximo de execución previsto nas bases reguladoras, o 31 de decembro de 2024, poderíase estender o prazo de execución ata o 30 de setembro de 2025 e o prazo de xustificación ata o 31 de outubro de 2025.

Segundo. En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas, de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico, establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no momento oportuno do procedemento.

A execución dos acordos de concesión e o libramento do crédito implican que, previamente, as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual isto non será posible se os créditos comprometidos na anualidade 2023 do Plan Concellos 2022-2023 non se incorporan ao exercicio orzamentario 2025 e non se estende, polo tanto, a vixencia do plan.



De acordo co disposto nos artigos 182 do TRLRFL e 34 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, os créditos do exercicio 2023 do Plan Concellos 2022-2023 poderíanse incorporar ao orzamento de 2025, logo da tramitación do correspondente expediente de incorporación de remanentes de crédito, unha vez aprobada a liquidación do Orzamento xeral de 2024.

Terceiro. O procedemento de concesión das subvencións no marco do Plan Concellos 2022-2023, na anualidade 2023, foi **o de concorrencia non competitiva**, ao abeiro do recollido nas propias bases reguladoras e segundo o disposto no artigo 22 da LXS.

Nun procedemento de concesión de subvencións por concorrencia non competitiva, as solicitudes non se comparan entre si nin son obxecto dunha cuantificación ou valoración. No caso do Plan Concellos, a repartición dos incentivos económicos prodúcese con base nunha repartición aprobada polo Pleno, sempre e cando os concellos beneficiarios e as solicitudes presentadas cumpran as condicións establecidas nas bases reguladoras.

En consecuencia, a ampliación dos prazos non lle afecta á asignación do crédito entre os beneficiarios, non produce indefensión, non prexudica dereitos de terceiras persoas nin vulnera o principio de igualdade recollido no artigo 8 da LXS, posto que todos os concellos da provincia se benefician por igual da prórroga e da cooperación administrativa da Deputación.

Cuarto. Segundo a base 3.^a das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, o órgano competente para aprobar estas bases foi o Pleno da Deputación; polo tanto, será o mesmo órgano o competente para modificar a base 21.^a, no referido á ampliación do prazo de execución e xustificación dos investimentos da anualidade 2023 acollidos á Liña 1.

Visto todo o anterior, considérase que, ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a aplicación dos créditos comprometidos dentro da Liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, na anualidade 2023, ata que se cumpran as actuacións subvencionadas, sen exceder, en todo caso, o 31 de outubro de 2025, dado que as circunstancias así o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas.



Á vista dos antecedentes e consideracións expostas; con base na documentación relativa ao citado plan que consta no expediente, e de acordo cos informes da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: FNVSDX65FNL2PGUA), da Secretaría xeral (CSV: UDJ8DZWTFR199MM5) e da Intervención provincial (CSV: WRW26XG2127LUP8E), no que se lle presta conformidade á proposta do Servizo de Cooperación, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais (CSV: PAWASQK16ZOXXOW3); de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno acorda por unanimidade:

1.º. Prorrogar o prazo para solicitar as subvencións por cambios de finalidade ou reinvestimento de baixas da anualidade 2023, ata o 31 de maio de 2025.

2.º. Prorrogar o prazo de execución dos investimentos incluídos na Liña 1, Investimentos, do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, ata o 30 de setembro de 2025.

3.º. Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos incluídos na Liña 1, Investimentos, do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, ata o 31 de outubro de 2025.

3.8298.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “CONSTRUCCIÓN EDIFICIO POLIVALENTE DE CARRAGOSO” PRESENTADO POLO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (EXPTES. 2024077421-2023030757)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/X4Y8teOH1GEsQJvKqOC6vYcvfi2hgbs3j2sgSQhAfKpFTjIc>

ANTECEDENTES

– O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases



reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Lalín con destino á execución da actuación denominada “Construción edificio polivalente de Carragoso”, ao abeiro do Programa PON2030.
O custo total da actuación ascendía a 741.548,50€ e a subvención concedida a 482.006,52€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 259.541,98€.
- Mediante a resolución presidencial núm. RP2023007497 de 06/10/2023 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 19/12/2023.
- Mediante o acordo núm. 24.33552 da Xunta de Goberno da Deputación de data 01/03/2024, concedeuse unha subvención ao Concello por importe de 77.862,59€, ao abeiro do Plan +Provincia 2024, co obxecto do financiamento de parte da achega municipal ao Programa PON2030, para o investimento “Edificio Polivalente Carragoso” (expte. 2024011525).
- Na data 23/10/2024, o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024065300), entre outros documentos, un orzamento coa actualización de prezos, un informe do redactor do proxecto xustificativo do incremento, un informe do técnico municipal e un Decreto de aprobación da actualización de prezos. A actualización está motivada en que, debido ás dificultades do Concello para obter o financiamento para a actuación, os prezos experimentaron unha considerable alza dende o momento da redacción do proxecto inicial ata o momento de estar en disposición de comezar a licitalo.



- Na data 30/10/2024, o Concello de Lalín presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024066472) un proxecto reformulado do proxecto inicial, cun orzamento de 819.347,74€, o que supón un incremento de 77.799,24€ (10,49% sobre o orzamento inicial).
- Na data 07/11/2024 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024067911) un informe da Interventora Municipal no que se indica que a achega municipal, ademais de coa subvención concedida pola Deputación ao abeiro do Plan +Provincia 2024, se vai financiar polo convenio solicitado a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas por importe de 259.478,63€.
- Na data 07/11/2024 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024067917) o Decreto de aprobación do proxecto reformulado.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 07/11/2024 (CSV:1DWIDMNILL982JQ9).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na data 11/11/2024, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos aspectos técnicos nin de eficiencia enerxética, nin modifican os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin o cumprimento das políticas panca do proxecto primitivo, manténdose a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 12/11/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: SJ2FS4KO86QCHGYC).
- Na data 15/11/2024 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: X9NHPPFPFZIA4P9O).



- O día 18/11/2024 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: 7F08T6I71OFQQA3F).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/11/2024 (CSV: PACZ0R1SLYF8TKBX).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa



PON2030.

- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Lalín para a execución da actuación denominada “Construción de edificio polivalente de Carragoso” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e



cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Programa PON2030, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita Base, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.
- Cláusula 5ª do convenio, pola que o concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada da modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmárase a correspondente addenda. A modificación non poderá afectar en ningún caso ao importe máximo da achega da Deputación.

Competencia para resolver



- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16^a de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Lalín para a execución da actuación denominada “Construción edificio polivalente de Carragoso”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe do orzamento da actuación aumenta en 77.799,24€ ata o importe de 819.347,74€. Segundo o establecido na cláusula quinta do convenio, ao non poder afectar a modificación ao importe máximo da achega da Deputación, o incremento do orzamento deberá financiarse polo Concello, cos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que poida obter. Neste caso, o Concello presentou un informe da Interventora Municipal no que se indica que a achega municipal, ademais de coa subvención concedida pola Deputación ao abeiro do Plan +Provincia 2024, se vai financiar polo convenio solicitado á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:



- Aprobar o proxecto técnico reformulado da actuación “Construción edificio polivalente de Carragoso” presentado polo Concello de Lalín ao abeiro do Programa PON2030.
Ao aumentar o orzamento do proxecto e o importe da achega municipal, deberá procederse á sinatura da correspondente addenda ao convenio entre ambas administracións na que se modifique a cláusula segunda de Financiamento.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Lalín, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

4.8299.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS: AVDA. CONSTITUCIÓN E CONTORNA DOS XARDÍNS DA XIRALDA (R/CONCHA BREY)” PRESENTADO POLO CONCELLO DE PONTEAREAS AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (EXPTES. 2024077422-2023030693)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/5iECVB2bZo8CFVyUCnMWgAA Bc6YqkxfeVM3gQEDfa3PepIVM>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Pontearreas con destino á execución da actuación denominada “Mobilidade amable e



recuperación de espazos públicos: Avda. Constitución e contorna dos Xardíns da Xiralda (R/Concha Brey)”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2022 e emendado no mes de xuño de 2023, ao abeiro do Programa PON2030.

O orzamento do investimento ascendía a 925.814,64€ e a subvención concedida a 694.360,98€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 231.453,66€.

- O 12/12/2023 asínase o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 30/08/2024 o Concello de Pontearreas presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024054966), entre outros documentos, un proxecto reformulado do proxecto inicial, un informe de supervisión do proxecto, un informe técnico de viabilidade urbanística e un certificado de titularidade. O cambio introducido céntrase fundamentalmente no aumento do ámbito da actuación, incorporando a rúa Rogelio Groba e aumentando a superficie tratada da rúa Constitución, manténdose os criterios orixinais de uso dunha plataforma única de uso compartido, con acceso restrinxido a residentes, emerxencias e garaxes.
- Na data 24/10/2024, en contestación ao requirimento realizado polo Servizo de Cooperación, o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024065502), o proxecto reformulado emendado. O orzamento do proxecto ascende a 1.103.535,08€, o que supón un incremento de 177.720,44€ (19,20%) sobre o orzamento do proxecto inicial. O Concello tamén presenta a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura Lingua e Xuventude e a Resolución de aprobación do antedito proxecto e de compromiso de



financiamento da cantidade non financiada mediante o PON2030 (409.174,10€).

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na data 11/11/2024, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non cambian os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin os criterios Ágora ou as políticas panca, manténdose a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto (CSV: UOWPXGNJHB770C5E).
- O día 14/11/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 48BDHFU62BCVKQ1B).
- Consta no expediente unha dilixencia asinada polos membros da Comisión de persoas expertas para completar o indicado na acta da sesión de data 11/11/2024 (CSV: C09TJNBPTMDP0PXY).
- Na data 15/11/2024 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: X2LGN3S1ZAAG6V1P).
- O día 18/11/2024 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: X9XVMF3205I1TDIA).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/11/2024 (CSV: PRFEADHSLRSUBTCE).

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas para a execución da actuación denominada “Mobilidade amable e recuperación de espazos públicos: Avda. Constitución e contorna dos Xardíns da Xiralda (R/Concha Brey)” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.



Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.



- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Segundo a dita base, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Pontearreas non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O novo orzamento aumenta en 177.720,44€ ata o importe de 1.103.535,08€. Segundo o establecido na cláusula quinta do convenio, ao non poder afectar a modificación ao importe máximo da achega da Deputación, o incremento do orzamento deberá financiarse polo Concello, cos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que poida obter.



A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non minoran á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto reformulado preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico reformulado da actuación “Mobilidade amable e recuperación de espazos públicos: Avda. Constitución e contorna dos Xardíns da Xiralda (R/Concha Brey)” presentado polo Concello de Pontearreas ao abeiro do Programa PON2030.
Ao aumentar o orzamento do proxecto e o importe da achega municipal, deberá procederse á sinatura da correspondente addenda ao convenio entre ambas administracións, na que se modifique a cláusula segunda de Financiamento.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontearreas, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.8300.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIAL E DE MAIORES” PRESENTADO POLO CONCELLO DE VILABOA AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (EXPTES. 2024077423-2023030350)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/o9min6UYumGWtRtTKgP4aMHmFFxHEV4wM1Smq4FIIxm6PS0E>



ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Vilaboa con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación de edificio para Centro Social e de Maiores”, ao abeiro do Programa PON2030.
O custo total da actuación ascendía a 643.268,02€ (560.197,45€ de execución de obra, 65.461,45€ de equipamento e mobiliario e 17.609,12€ de honorarios técnicos) e a subvención concedida a 490.446,07€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 152.821,95€.
- O 23/11/2023 asínase o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 19/12/2023 o Concello adxudica o contrato da obra por un importe de 537.341,40€, resultando unha baixa de adxudicación de 22.856,05€ (4,08%). Na data 22/12/2023 formalízase o correspondente



contrato administrativo.

- Na data 21/10/2024, o Concello de Vilaboa presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024064745) un proxecto modificado, un informe técnico xustificativo do modificado (emendado na data 29/10/2024 (núm. rexistro WEB2024066195)) e un informe do técnico municipal favorable á tramitación do mesmo. Segundo os técnicos, a modificación débese a circunstancias sobrevidas (no momento de desmontar as carpinterías quedou á vista que os remates de pedra estaban en mal estado, facendo preciso a fabricación e instalación de novos remates), sendo imposible ter sido previstas con anterioridade ao atoparse oculto o problema, limitándose a modificación a introducir as variacións estritamente indispensables para responder ás causas obxectivas que a fan precisa. O novo orzamento de adxudicación (aplicando a porcentaxe de baixa) ascende a 552.095,36€, resultando un incremento de 14.753,96€ (2,75%), que pode financiarse integramente con cargo á baixa xerada coa adxudicación da obra.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 08/11/2024 (CSV: E7JFVM69KLOS2PMG).
- Examinado o proxecto modificado pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na sesión de data 11/11/2024, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios non afectan aos aspectos técnicos, aos obxectivos propostos da Axenda 2030 nin as políticas panca consideradas no proxecto orixinal, manténdose a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- Na data 12/11/2024 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024069868) a Resolución de aprobación do proxecto modificado.
- O día 13/11/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 7HLY2NDJR81PR7UF).
- Na data 15/11/2024 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a



Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: X4OM6F4LK5D4XFCT).

- O día 18/11/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto modificado (CSV: XE8KBZ9UU7FBA5UK).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/11/2024 (CSV: PKFXPNF43SXB9GDR).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).



- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa para a execución da actuación denominada “Rehabilitación de edificio para centro social e de maiores” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.



- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, en concordancia coa Base reguladora 17ª da convocatoria, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a Deputación e o Concello. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.



Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto modificado presentado polo Concello de Vilaboa para a execución da actuación denominada “Rehabilitación de edificio para Centro Social e de Maiores”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de dar resposta a imprevistos xurdidos durante a execución das obras.

O proxecto modificado incrementa o orzamento de adxudicación en 14.753,96€, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 22.856,05€, o incremento pode financiarse coa dita baixa.

A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto modificado preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:



- Aprobar o proxecto técnico modificado da actuación “Rehabilitación de edificio para Centro Social e de Maiores” presentado polo Concello de Vilaboa ao abeiro do Programa PON2030.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Vilaboa, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.8301.- **ADDENDA AO CONVENIO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN DA DEPUTACIÓN AO CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS (CSIC) PARA REALIZAR INTERVENCIÓNS EN XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E ESTUDOS DE MATERIAIS (EXPTES. 2024077426-2022033316)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/09SS4MjKFdAjMfbmZR0ogxLrcFppzv5lqNvkBkCXmVLcf2HZ>

Visto o informe xurídico da xefa do Servizo de Turismo, de 11 de novembro de 2024 e o informe da prórroga do 13 de novembro de 2024 sobre a Addenda ao convenio de encomenda de xestión da Deputación de Pontevedra ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materiais.

Considerando que o 14 de maio de 2022 Secretaría informa favorablemente o texto do convenio.

Considerando que o 19 de novembro de 2024 Intervención informa favorablemente o expediente.

Considerando que segundo o disposto no artigo 47.2.h) en relación co artigo 33.2.ñ), ambos da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a aprobación da addenda do convenio corresponde ao Pleno por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación.



Por todo o anterior, o Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente, acorda por unanimidade:

Aprobar a “Addenda ao convenio de encomenda de xestión da Deputación de Pontevedra ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materiais” cuxo texto é como segue:

“Addenda de prórroga ó “Convenio de encomenda de xestión entre a Deputación de Pontevedra e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), a través do Instituto de Ciencias do Patrimonio, para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materiais”, asinado o 8 de xuño de 2022.

En Pontevedra e Madrid, a data da última firma electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luís López Diéguez, Presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra, D. Carlos Closa Montero, na súa condición de Vicepresidente de Organización e Relacións Institucionais da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), nomeado por acordo do Consello Reitor do CSIC, na súa reunión do 30 de novembro de 2022 (BOE 23/12/2022. Res. Presidencia CSIC do 14 de decembro de 2022, pola que se resolve convocatoria de libre designación), actuando en nome e representación desta institución en virtude das competencias que ten delegadas por Resolución do 5 de decembro de 2023 da Presidencia do CSIC (BOE do 18 de decembro seguinte), no seu artigo 12.1.b). Organismo con sede central en Madrid (CP 28006), domicilio institucional en rúa de Serrano 117 e NIF Q-2818002-D.



Actúa como fedatario público desta addenda Carlos Cadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Actuando as partes en razón dos seus respectivos cargos e recoñecéndose mutuamente capacidade e facultades suficientes para formalizar a presente addenda.

EXPOÑEN

I. Que, en data 8 de xuño de 2022, as partes subscribiron un convenio coa finalidade de articular a encomenda de xestión da Deputación de Pontevedra ao CSIC, para que a través do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIIT), realizase actividades de carácter material e técnico necesarias para o exercicio da competencia de difusión, protección e fomento do valor cultural dos bens do patrimonio cultural da provincia de Pontevedra.

II. Que a cláusula décimo cuarta do convenio (“Duración do convenio e prórroga”) indica que a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2024. Así mesmo, sinala que “o convenio poderá ser obxecto de prórroga expresa por un período máximo dun ano, sempre que ambas as partes o acorden antes da finalización da súa vixencia, mediante a subscrición de addenda para ese efecto”.

III. Que as partes, debido a que se produciron unha serie de atrasos nalgún dos traballos previstos no convenio matriz por causas alleas ás mesmas, entenden necesario estender a vixencia do convenio de encomenda de xestión por un período de seis meses. Ambas así o acordaron na reunión da Comisión de seguimento do convenio efectuada en data 28 de outubro de 2024. Por iso, é vontade daquelas subscribir a presente addenda para estender a vixencia do convenio e continuar dando cobertura xurídica ás actuacións que nel se recollen, con suxeición aos termos que establecen as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.



O obxecto desta addenda é prorrogar, por un período de seis meses, o convenio suscrito con data 8 de xuño de 2022 entre a Deputación de Pontevedra e o CSIC.

Segunda.- Invariabilidade do resto do clausulado.

Para todo o non previsto na presente addenda serán de aplicación as cláusulas establecidas no convenio de referencia. En consecuencia, esta addenda intégrase no mesmo como parte inseparable.

Terceira.- Natureza xurídica e vixencia.

A presente addenda ten igual natureza xurídica que o convenio do que trae causa e, por iso, se instrumenta de acordo coa previsión que recolle o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Unha vez suscrita, a addenda prorrogará a vixencia do convenio matriz ata o 30 de xuño de 2025.

E en proba de conformidade, as partes subscriben electronicamente a presente addenda, constando como data a correspondente á da última firma realizada.”

7.8302.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-1203 O CAMPO-PARDAVILA (CONCELLO DE MARÍN)” E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPTES. 2023058766-2024059583)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/QYf86T5HGbS9w4SzbWLEIz33N3tsWYjxGYRapA4v38nH1BEz>

Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na



estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de "Mellora da mobilidade peonil na EP-1203 O Campo - Pardavila (Concello de Marín)".

A estrada EP-1203 sobre a que se prevé a actuación consiste nunha zoa con ancho variable de aproximadamente 5 metros, que conecta as estradas provincial EP-1202 e a estrada autonómica PO-313, dando accesibilidade ao núcleo de Ruanova.

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na estrada provincial EP-1203 en toda a súa lonxitude. O itinerario consta de 1.048 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo mínimo na marxe esquerda da estrada, o acondicionamento da EP-1203 a implantación de zonas de convivencia, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais e de abastecemento, e a reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras.

O orzamento das obras proxectadas é de un millón cento oitenta e oito mil seiscentos corenta e cinco euros con trinta e nove céntimos (1.188.645,39 €). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímense en corenta e catro mil trescentos corenta e seis euros con oitenta e seis céntimos (44.346,86 €).

2. O Concello de Marín aprobou mediante resolución da alcaldía de 5 de abril de 2024 un convenio de colaboración coa Deputación Provincial para a execución das obras o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 20 de agosto de 2024.

De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados finánciase integramente polo Concello de Marín.



Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRSU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV) 9TV7WXT8SU4LW4C3 redactado polo enxeñeiro José Ángel Núñez Ares.
- No anexo 19 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.



- Informe de 24/05/2024 de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 24/05/2024 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Certificacións catastrais das parcelas obxecto de expropiación e notas simples negativas informativas do Rexistro da Propiedade de Pontevedra de datas 10, 11 e 19 de setembro de 2024, con entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra o 23 de setembro de 2024, no que se fai constar que examinados os índices dese Rexistro, resulta que coas referencias catastrais das parcelas obxecto de expropiación non aparecen inscritos bens nin dereitos de ningunha clase.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).



- Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares”(artigo 5.1).

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 13 de xuño de 2024 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que esta estrada serve de itinerario peonil dende a parada de autobús do PQ 0+000 no núcleo de O Campo e o final da estrada, onde se atopa o núcleo de Pardavila (que xa conta cun itinerario peonil seguro na estrada Marín–Moaña), e como non existen itinerarios peonís seguros os peóns camiñan pola calzada -entorno destinado á circulación de vehículos-.

Para eliminar esta zona perigosa existente na que os peóns camiñan pola calzada, vese necesario por seguridade viaria executar unha senda peonil que permita o tránsito peonil seguro, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 47 parcelas de titularidade privada para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación tanto para os peóns como para os vehículos motorizados”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:



“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4^a.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola



Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos- información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

“a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:

1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.

b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.

c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.



No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que a aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12.02.2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación



definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

- “1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.



O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 13/08/2024, e o Servizo de Intervención emitiu informe favorable en data 06/11/2024.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na EP-1203 O Campo–Pardavila (Concello de Marín)” cun orzamento de 1.188.645,39€ e 44.346,86€ en concepto de expropiacións.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.



Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BEN
1	36026A02500441	45,20	20,00 ud. de viña (postes). 40,00 ud. de viña (cepas).
2	36026A05400001	65,10	3,00 uds. de árbore maderable.
3	36026A05400003	36,60	
4	36026A02500442	241,50	30,00 ud. de viña (postes). 30,00 ud. de viña (cepas).
5	36026A05400004	31,90	
6	36026A05400090	232,70	8,00 ud. de poste de formigón. 1,00 ud. de árbore froiteira.
7	36026A05400091	99,50	
8	36026A05400092	11,10	4,00 ud. de poste de formigón.
9	36026A02500723	15,40	15,40 m ² de solado de formigón.
10	36026A02500595	35,30	35,30 m ² de solado de formigón.
11	36026A02500727	26,40	26,40 m ² de solado de formigón.
12	36026A02500599	120,10	19,00 m ² de muro de cachotería.
13	36026A05400203	48,80	9,50 m ² de muro de cachotería. 2,00 ud. de poste de formigón.
14	36026A05400202	53,10	6,00 ud. de poste de pedra. 18,00 m de peche de alambrada metálica. 9,00 m ² de peche de perpiaño.
15	36026A05400204 36026A05400558	113,90	34,00 m ² de solado de formigón. 8,00 m ² de muro de cachotería. 15,00 ud. de poste de pedra. 3,00 ud. de poste de formigón. 20,00 m de sebe. 44,50 m de peche de alambrada metálica. 4,00 m ² de malla de ocultación. 1,00 ud. de viña (cepas).
16	36026A02500707	21,50	
17	36026A02500600	17,00	
18	36026A02500601	28,90	
19	36026A05400205	57,90	29,00 m ² de solado de formigón. 6,50 m ² de peche de perpiaño. 6,00 ud. de poste de formigón. 13,50 m de peche de alambrada metálica.
20	36026A05400300	37,80	13,00 m ² de peche de perpiaño. 6,00 m de peche de alambrada metálica. 12,00 m ² de solado de formigón.



PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BEN
21	36026A02500605	7,70	5,50 m ² de solado de granito con base de formigón. 10,00 m de sebe.
22	36026A05400299	100,30	44,00 m ² de solado de formigón.
23	36026A02500608	18,40	
24	36026A05400296	20,00	6,00 m de peche de alambrada metálica.
25	36026A05400295	18,20	5,00 m de peche de alambrada metálica.
26	36026A05400291	38,70	12,00 m de peche de alambrada metálica. 1,00 ud. de poste de formigón.
27	36026A02500323	77,60	
28	36026A05400290	12,50	5,00 m de peche de alambrada metálica. 1,00 ud. de poste de formigón.
29	36026A05400288	16,00	5,50 m de peche de alambrada metálica. 1,00 ud. de poste de formigón.
30	36026A05400286	12,20	4,50 m de peche de alambrada metálica. 1,00 ud. de poste de formigón.
31	36026A05400285	5,80	2,60 m de peche de alambrada metálica. 1,00 ud. de poste de formigón.
32	36026A05400281	31,70	10,00 m de peche de alambrada metálica. 1,00 ud. de poste de formigón.
33	36026A05406006	23,40	
34	36026A02500317	14,90	2,00 ud. de poste de pedra.
35	36026A02500316	9,50	
36	36026A05400552	146,20	
37	36026A05400556	17,00	120,00 m ² de muro de bloque. 2,00 ud. de árbore ornamental.
38	36026A05400252	167,40	19,00 ud. de poste de pedra. 41,00 m de peche de alambrada metálica.
39	36026A05400530	110,10	5,00 ud. de poste de pedra. 7,00 m de peche de alambrada metálica. 29,00 m de sebe.
40	36026A05400251	184,00	14,00 ud. de poste de formigón. 46,50 m de peche de alambrada metálica. 12,00 m de sebe.
41	36026A02500699	120,30	38,00 ud. de viña (postes).
	36026A02500700		25,00 ud. de viña (cepas).
	36026A02500690		50,00 m de peche de alambrada metálica.
42	36026A02600173	12,00	
43	36026A02600174	5,80	
44	36026A02600175	16,30	



PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BEN
45	36026A02500301	40,90	3,50 m ² de solado de formigón.
46	36026A02600001	107,90	2,00 ud. de poste de pedra.
47	36026A02500298	18,70	18,70 m ² de solado de formigón.

8.8303.- **APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE O PQ 0+000 E 2+500 DA EP-0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO (CONCELLO DE PONTEVEDRA)” E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPTE. 2024039042)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/YomChiuVQ2Y8TsJUqLh0h0lXDhINDEouDoHGt1A9MJpBwsFy>

“Antecedentes.

1. Convenio.

A Xunta de Goberno aprobou en sesión de 11 de decembro de 2023 un convenio de colaboración co Concello de Pontevedra para a execución das obras de Mellora da mobilidade peonil entre os pp.qq. 0+000 e 2+500 da EP-0002 Marco– Tomeza – Figueirido, o cal foi formalizado o 21-12-2023.

No dito convenio estipúlase que corresponde á Deputación tramitar e xestionar o expediente de expropiación. O Concello financia a totalidade dos prezos xustos dos bens e dereitos afectados con cargo a fondos propios.

2. Aprobación inicial do proxecto e do expediente expropiatorio.

O Pleno da Deputación na sesión de 13 de setembro de 2024 acordou:

- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil entre os pp.qq. 0+000 e 2+500 da EP-0002 Marco – Tomeza – Figueirido (Concello de Pontevedra)”.

- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose



definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.
- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.
- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

3. Información pública.

Publicáronse anuncios no Taboleiro de Edictos do Concello de Pontevedra (dende o 4 ao 25 de outubro de 2024), BOPPO (4 de outubro de 2024), BOE (4 de outubro de 2024), Sede Electrónica da Deputación (do 4 de outubro ao 6 de novembro de 2024) e no xornal Diario de Pontevedra o día 8 de outubro de 2024.

Os prazos de presentación de reclamacións fronte á aprobación do expediente de expropiación e do proxecto (15 e 20 días, respectivamente, contados dende a data da derradeira publicación) remataron o 6 de novembro de 2024.

Ademais, notificáronse individualmente todas as persoas titulares catastrais dos bens e dereitos obxecto de expropiación.

4. Alegacións presentadas.

Presentáronse as seguintes alegacións durante o prazo establecido:

Data	Nº rexistro	Interesado
09-10-2024	2024018896	José Pesqueira Pazos
09-10-2024	2024018901	María Nieves Peón Rodríguez
15-10-2024	2024019199	María Pilar Fontán Muíños
24-10-2024	2024019699	José Luis Rodríguez Vales

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de estradas de Galicia (RXEG).
- Lei, de 16 de decembro de 1954, sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da lei do solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

2ª.- Alegacións

En data 18 de novembro de 2024, César Aja Chao, enxeñeiro de camiños e director de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, emite o seguinte informe:

“Primeiro: En data 9 de outubro de 2024, D. José Pesqueira Pazos presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro 2024018896) un escrito de alegacións onde, en síntese, solicita que se lle aclare se a parcela con referencia catastral 36900A06410446 se atopa afectada pola expropiación xa que non figuran na relación de propietarios.

En resposta a esta solicitude, infórmase que o sombreado indicado nos planos do proxecto como senda peonil na fronte da parcela é erróneo, xa que nese punto a senda debe ter 2,50 metros de ancho e non chegar á fachada da vivenda, garantindo ademais que só se ocupa o dominio público actual e non a devandita parcela. Polo tanto trátase dun error de delineado de planos, e



durante a execución das obras non se ocupará o dominio privado nese punto da actuación, co cal a parcela con referencia catastral 36900A06410446 non resulta afectada pola expropiación. Por todo o exposto desestímase a alegación.

Segundo: En data 9 de outubro de 2024, D^a. María Nieves Peón Rodríguez presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (n^o de rexistro 2024018901) un escrito de alegacións onde, en síntese, solicita que se lle aclare se a parcela con referencia catastral 36900A06400161 se atopa afectada pola expropiación xa que non figuran na relación de propietarios.

Realizada visita ao punto indicado, compróbase que soamente se actuará na zona de dominio público actual da estrada polo que a parcela con referencia catastral 36900A06400161 non se atopa afectada pola expropiación. Por todo o exposto desestímase a alegación.

Terceiro: En data 15 de outubro de 2024, D^a. María Pilar Fontán Muiños presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (n^o de rexistro 2024019199) un escrito de alegacións onde, en síntese, indica que con motivo da actuación na estrada provincial vaise perder o aparcamento existente na zona polo que solicita que se lle de unha solución a este problema.

En resposta a esta solicitude, infórmase que entre os criterios de redacción do proxecto non figuraba a mellora do aparcamento de vehículos senón a mellora da mobilidade peonil, podendo afectar puntualmente ao estacionamento de vehículos privados que actualmente ocupan total ou parcialmente as beiravías da estrada.

Polo tanto, desestímase a alegación, pero intentarase que durante as obras se adecúen os posibles sobreanchos no ámbito da actuación para facilitar o fin solicitado pola alegante.

Cuarto: En data 24 de outubro de 2024, D. José Luis Rodríguez Vales en representación da Comunidade de Usuarios de O Pobo presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (n^o de rexistro 2024019699) un escrito de alegacións onde, en síntese, expón o seguinte:

Primeiro: Que non se inclúe entre os bens e dereitos afectados pola obra varias mangueiras de usuarios da Comunidade de Usuarios de O Pobo, as



cales van soterradas na marxe dereita da calzada, polo que solicita coñecer se estas mangueiras van verse afectadas pola obra.

Segundo: Que no tramo existente entre a pista de Pontenova e a subida a Lusquiños a tubaxe dun usuario vai pola marxe esquerda da calzada, quedando debaixo da nova plataforma única proxectada polo que solicita que se teña en conta esa instalación.

Terceiro: Que entre o p.q. 1+680 e o 2+090 existe unha tubaxe pola que discorren mangueiras e que se atopa debaixo da calzada polo que calquera rotura implicaría a necesidade de cortar o tráfico, polo que solicita a posibilidade de soterrar a antedita tubaxe pola marxe dereita da vía.

En resposta a esta solicitude, infórmase o seguinte:

Con respecto á primeira e á segunda das alegacións expostas por José Luis Rodríguez Vales, infórmase que as obras incluídas no proxecto non deben causar dano algún ás tubaxes ou arquetas existentes xa que ditas tubaxes atópanse a unha profundidade maior da necesaria para a construción da senda peonil ou zona de convivencia, e ademais as tapas das arquetas existentes quedarán enrasadas co pavimento correspondente.

Con respecto á terceira alegación, instase á Comunidade de usuarios de O Pobo a que, se consideran apropiado o soterramento da tubaxe pola marxe dereita da vía, soliciten a oportuna autorización á Deputación de Pontevedra para que a propia Comunidade de Usuarios proceda ao soterramento do antedito tramo de tubaxe.

Por todo o exposto, desestímense as alegacións presentadas.”

3ª Aprobación definitiva do proxecto.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 13 de agosto de 2024. A Intervención Xeral informou favorablemente a proposta de aprobación do proxecto o 29 de agosto de 2024.



En cumprimento do disposto no artigo 5 da LEF entenderanse co Ministerio Fiscal as dilixencias correspondentes as parcelas cuxos titulares non recolleron as notificacións individuais e non compareceron.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil entre os pp.qq. 0+000 e 2+500 da EP-0002 Marco – Tomeza – Figueirido (Concello de Pontevedra)” cun orzamento de 1.724.510,78€ e 19.835,96€ en concepto de expropiacións.

Segundo.- Desestimar a alegación presentada por D. José Pesqueira Pazos, xa que a actuación proxectada non afecta á parcela con referencia catastral 36900A06410446.

Terceiro.- Desestimar a alegación presentada por D^a. María Nieves Peón Rodríguez, xa que a actuación proxectada non afecta á parcela con referencia catastral 36900A06400161.

Cuarto.- Desestimar a alegación presentada por D^a. María Pilar Fontán Muiños, xa que entre os criterios de redacción do proxecto non figuraba a mellora do aparcamento de vehículos senón a mellora da mobilidade peonil, podendo afectar puntualmente ao estacionamento de vehículos privados que actualmente ocupan total ou parcialmente as beiravías da estrada.

Quinto.- Desestimar as alegacións presentadas por D. José Luis Rodríguez Vales en representación da Comunidade de Usuarios de O Pobo, xa que as obras incluídas no proxecto non deben causar dano algún ás tubaxes ou arquetas existentes xa que ditas tubaxes atópanse a unha profundidade maior da necesaria para a construción da senda peonil ou zona de convivencia, e ademais as tapas das arquetas existentes quedarán enrasadas co pavimento correspondente. Con respecto á posibilidade de soterrar unha tubaxe que discorre pola calzada entre os puntos quilométricos 1+680 e 2+090, ínstase á Comunidade de usuarios de O Pobo a que se consideran apropiado o soterramento da tubaxe pola marxe dereita da vía, soliciten a oportuna



autorización á Deputación de Pontevedra para que a propia Comunidade de Usuarios proceda ao soterramento do antedito tramo de tubaxe.

Sexto.- Aprobar definitivamente o expediente de expropiación, declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos conforme á relación que se detalla no Anexo I entendéndose as dilixencias co Ministerio Fiscal en representación das persoas titulares das parcelas que non recolleron as notificacións individuais e non compareceron no procedemento.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIADA. (m ²)	BENS AFECTADOS
1	36900A06400257	82,45	
2	36900A06430452	46,70	
3	36900A06400452	37,53	37,53 m ² de Pavimento de formigón.
4	36900A06400206	22,71	
5	36900A06400204	57,65	
6	36900A06400176	32,79	32,79 m ² de Pavimento de formigón.
7	36900A06400175	18,41	18,41 m ² de Pavimento de formigón.
8	36900A06400174	13,65	
9	36900A06400171	28,44	28,44 m ² de Pavimento de baldosa de pedra.
10	36900A06400168	10,58	
11	36900A06410168	2,62	
12	36900A06410167	40,73	40,73 m ² de Pavimento de baldosa hidráulica.
13	36900A06410166	22,31	22,31 m ² de Pavimento de formigón.
14	36900A06400165	8,09	8,09 m ² de Pavimento de formigón.
15	36900A06400494	6,52	6,52 m ² de Pavimento de baldosa de pedra.
16	36900A06400149	11,82	11,82 m ² de Pavimento de formigón.
17	36900A06400493	17,52	17,52 m ² de Pavimento de formigón.
18	36900A06400147	29,53	29,53 m ² de Pavimento de formigón.
19	36900A06400146	17,68	17,68 m ² de Pavimento de formigón.
20	36900A06400145	20,74	20,74 m ² de Pavimento de baldosa cerámica. 20,74 m ² de Soportal.
21	36900A06400141	29,86	29,86 m ² de Murete de pedra granítica (h=1,00 m).
22	36900A06400139	33,27	33,27 m ² de Pavimento de baldosa cerámica.



PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIADA. (m ²)	BENS AFECTADOS
23	36900A06600103	26,30	26,3 m ² de Pavimento de baldosa de pedra.
24	36900A06600102	8,00	8,00 m ² de Pavimento de baldosa de pedra.
25	36900A06600101	7,32	7,32 m ² de Pavimento de baldosa de pedra.
26	36900A06600100	6,46	
27	36900A06600481	5,64	

9.8304.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA PARA A TRANSFERENCIA URXENTE DE FONDOS A GALICIA PARA A CREACIÓN DE ALOMENOS 967 VIVENDAS PÚBLICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA OU PARA QUE ASUMA DIRECTAMENTE A SÚA CONSTRUCCIÓN (EXPTE. 2024075804)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/8lh5cBtWKZY94VNEZA3PHmXBmtd02TaeOp9jqSViI5MRlIxR>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 22 de novembro de 2024, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Ministerio de Vivenda y Agenda Urbana para a transferencia urxente de fondos a Galicia para a creación de alomenos 967 vivendas públicas na provincia de Pontevedra ou para que asuma directamente a súa construción.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o acceso á vivenda é, segundo os principais barómetros e sondaxes sociais, a segunda gran preocupación dos galegos e dos pontevedreses e ademais trátase dunha cuestión en ascenso, polo que cremos



que as administracións con competencias e fondos nesta materia deben abordalo coa máxima prioridade.

Neste senso, desde o PP recabamos información da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas sobre as súas actuacións na nosa provincia, que alcanzan neste momento as 967 vivendas públicas en marcha en distintos graos de execución, como a redacción do proxecto, a licitación ou a as obras de construción.

Ditas iniciativas residenciais espállanse por distintos puntos da provincia con especial fincapé, pola maior demanda existente, nos ámbitos urbanos das cidades. Deste xeito, a Xunta está a impulsar neste momento, co impulso dos fondos europeos do derradeiro plan Next Generation EU, 755 vivendas públicas en Vigo, 182 en Pontevedra, 24 en Mos e 6 en Tui e ten en carteira o comezo de novos proxectos nos próximos meses ao abeiro do seu obxectivo de construír 4.000 novas vivendas públicas en toda Galicia co horizonte do ano 2028.

E todo elo, complementado con outras medidas que tentan favorecer o acceso á vivenda de xeito asequible na nosa provincia, como a habilitación de aloxamentos de alugueiro temporal para facilitar a emancipación dos mozos, a reconversión de baixos baleiros en vivendas, os proxectos de rehabilitación residencial, as promocións cooperativas en terreos da administración autonómica, o desenvolvemento de solo residencial para promover 25.000 vivendas máis en toda a comunidade e incluso as deducións fiscais dos arrendamentos para impulsar esta modalidade de acceso a un fogar.

En definitiva, desde o PP Provincial consideramos que estas medidas son moi acaídas para tratar de poñer couto a esta problemática e estimamos que as cifras de construción de vivenda pública na nosa provincia son razoables nestes sete meses de lexislatura autonómica.

Sen embargo, desde o Goberno de España, cun ministerio nomeadamente adicado a esta materia baixo a denominación de Vivienda y Agenda Urbana, non observamos ese mesmo compromiso e implicación con medidas de favorecemento de acceso á vivenda na nosa terra como si emprende noutros territorios de España, algo que enmarcamos na habitual política de



discriminación, castigo e maltrato que adoita ter coa nosa provincia e con Galicia.

Así, o pasado 29 de xullo, o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, anunciou a súa intención de construír 43.000 vivendas baixo o réxime de alugueiro asequible e lembrou que xa hai 80.000 en desenvolvemento, pero, máis alá da realidade desas cifras, ditas promocións non chegan á nosa comunidade, xa que no Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 só se contemplan 36 vivendas na nosa provincia sen incluír as que se van financiar con fondos europeos, que tamén son totalmente insuficientes para dar cobertura á demanda da poboación.

Nesta materia, tamén vemos accións diversas, propias e directas do Goberno central noutros territorios, con especial preponderancia para Cataluña. A ministra Isabel Rodríguez fachendouse, o pasado mes de setembro, de ter transferido 1.200 millóns de euros a esta comunidade autónoma para a construción e rehabilitación de 26.000 vivendas, mentres que o seu departamento tamén está a promover, de acordo co Ayuntamiento de Madrid, a denominada “Operación Campamento” para a construción de 10.700 fogares -7.000 deles en réxime de protección- cuxo inicio das obras está previsto para finais do próximo ano.

Pero máis alá disto, tamén son constantes as transferencias de fondos para estas actuacións a distintos territorios de España. Como recolleu o BOE do pasado 9 de outubro, inxectáronse 25 millóns a Barcelona e a súa área metropolitana para a construción de vivendas de alugueiro asequible e social e nestes últimos tempos tamén se traspasaron outras cantidades inferiores á Comunidade de Madrid (8,4 millóns), Canarias (4,8 millóns), Ayuntamiento de Sevilla (4 millóns) ou diversas administracións das Baleares (6 millóns).

Estas importantes colaboracións económicas para axudar a afrontar o problema da vivenda non están a chegar, sen embargo e como xa dicíamos, á nosa comunidade, malia o triste intento de apropiación das promocións e do traballo da Xunta por parte do subdelegado do Goberno, Abel Losada, nunha recente visita ao barrio pontevedrés de Valdecorvos, onde falou torticeiramente das achegas estatais nesta materia, como xa fixera o ano anterior no novo hospital Gran Montecelo, supoñemos que co propósito de



tapar a escaseza de compromisos e investimentos do Goberno de España coa nosa provincia.

Con motivo de todas estas transferencias de fondos para vivenda, a conselleira María Martínez Allegue remitiu unha carta á súa homóloga, Isabel Rodríguez, na que lle demandaba a mesma transferencia de fondos que a outras comunidades e, expresamente, o traspaso de alomenos os mesmos 25 millóns concedidos a Barcelona e a súa contorna, que foron outorgados sen ningún criterio máis alá de facer unha concesión directa de subvencións con carácter excepcional e por razóns de interese público, social e económico, tal e como reza o Real Decreto 1029/2024.

E a todo elo, hai que engadir que as vivendas en mans da Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria (Sareb) tampouco están a transferirse á nosa comunidade autónoma, que está tendo que adquirilas en vez de recibilas gratuitamente para poñelas no mercado noutra situación que tamén entendemos anómala polas circunstancias por todos coñecidas sobre estes bens inmoables e a súa procedencia.

Desde o PP Provincial compartimos a demanda ao Goberno de España realizada pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, xa que cremos que a Administración Xeral do Estado tamén debe implicarse e colaborar nas políticas de vivenda na nosa provincia e na nosa comunidade autónoma. Ademais, solicitamos que haxa unha igualdade de trato con respecto a outros territorios de España, que non estamos a detectar nos últimos tempos en practicamente ningún ámbito por parte do Executivo central, e pedímolo na defensa dos intereses dos 8.500 demandantes de vivenda que hai na provincia, xa que coa súa debida implicación poderíase axilizar a construción de máis vivendas e acelerar a chegada de solucións nesta materia.

Por elo, en aras do intereses dos veciños da provincia de Pontevedra, desde o PP queremos sumarnos, desde a corporación provincial, á demanda da Xunta de Galicia para que o Goberno de España participe activamente na adopción de medidas efectivas, reais e rápidas en materia de vivenda na nosa provincia.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:



PROPOSTA DE ACORDO

Solicitar ao Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana do Goberno de España que transfira de xeito urxente os fondos necesarios á Xunta de Galicia para a promoción e construción de alomenos 967 vivendas públicas, de protección ou para alugueiro asequible na provincia de Pontevedra ou que, subsidiariamente, emprenda de xeito directo a súa construción.”

10.8305.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE PARA A CONXELACIÓN DE TARIFAS DA AUTOESTRADA AP-9 DESDE O 1 DE XANEIRO DE 2025 COA APROBACIÓN DE BONIFICACIÓNS UNIVERSAIS (EXPTE. 2024075807)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/5tUoEFqLJRejS4LzIvyNGPggOhDmd0Mfh2eur1ZtyiqZoMiB>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 22 de novembro de 2024, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible para a conxelación de tarifas da autoestrada AP-9 desde o 1 de xaneiro de 2025 coa aprobación de bonificacións universais.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Autoestrada AP-9 ten na actualidade un custe nas súas tarifas practicamente inasumible para os seus usuarios e conta con algúns treitos, emprazados principalmente na provincia de Pontevedra, coas peaxes por quilómetro máis elevadas de toda España. E esta situación con total seguridade vaise ver agravada novamente a partires do próximo 1 de xaneiro pola actualización do seu prezo por parte do Goberno de España, xa que se atisba unha suba triple como consecución dos efectos da inflación –na contorna do 2,8%–, dos



incrementos aprazados en anos anteriores e da amortización das súas obras de ampliación por parte da concesionaria na ponte de Rande e a contorna de Santiago de Compostela.

Deste xeito, e a falta de que se confirme a suba exacta que pretende aprobar o Goberno de España, todo apunta a que dita alza será, ao incluírse as tres anteditas circunstancias, de alomenos o 4%, un incremento que desde o PP Provincial consideramos excesivo e que ademais se suma a unhas tarifas xa desorbitadas para os usuarios.

Con estes parámetros, a peaxe entre as cidades de Vigo e A Coruña, que actualmente está fixada en 19,40 euros, superará por vez primeira a barreira dos 20 euros por circular nun sentido para cubrir os seus 160 quilómetros. E ademais, a totalidade do trazado, entre Ferrol e Tui e a fronteira portuguesa, pasará de custar máis de 27 euros no canto dos 25,50 euros nos que está fixado hoxe en día.

Por elo, e á espera de que se tramite, por parte do Goberno de España, a liberalización de tarifas e a implementación da súa gratuidade universal – comprometida polo PSdeG na campaña das pasadas eleccións autonómicas e polo BNG no seu pacto de apoio á investidura de Pedro Sánchez– e o ulterior traspaso da súa titularidade a prol da Comunidade Autónoma de Galicia – aprobada no Parlamento e en proceso no Congreso dos Deputados–, consideramos que hai que poñer couto urxente a estas subas adoptando medidas económicas para deixar de prexudicar aos cidadáns e que consideramos que pasan por algo máis que as bonificacións mínimas e pírricas anunciadas polo ministro Óscar Puente.

E cremos que a solución inminente para unha autoestrada que, segundo o propio titular de Transportes y Movilidad Sostenible, carece de alternativa eficaz e real de carácter gratuíto e que el mesmo admite que provoca “unha situación inxusta” malia que se resiste ao rescate e posterior gratuidade, pasa polo establecemento inmediato de bonificacións universais a partires do próximo 1 de xaneiro para que o Estado asuma o custe da actualización e as tarifas queden, de facto, conxeladas para os usuarios.

Neste senso, desde o PP Provincial queremos esixir que esta medida sexa real e dotada con partida orzamentaria suficiente e non como as bonificacións anunciadas e nunca implantadas para os usuarios superrecurrentes –ineficaces



para a práctica totalidade dos cidadáns– que o PSOE adoita aprobar simplemente no papel e non na realidade e que o BNG intenta locer no seu intento desesperado de xustificar o seu pírrico e inservible voto na derradeira investidura de Pedro Sánchez.

En todo caso, esta reclamación que formulamos desde o PP Provincial, e que agardamos que conte co respaldo da corporación da Deputación para o seu traslado ao Goberno de España, é simplemente complementaria e subsidiaria da petición unánime e urxente que hai desde Galicia, liderada desde o noso grupo político, para que o Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible proceda, á maior brevidade posible, á liberalización e gratuidade das tarifas da AP-9 e o seu posterior traspaso a prol da Xunta de Galicia, como se está facer noutras rexións.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Solicitar ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible a que proceda á conxelación de tarifas de peaxe da Autoestrada AP-9 a partires do 1 de xaneiro de 2025 a través de bonificacións universais para que non se siga a prexudicar economicamente aos usuarios ata que non se aprobe a implantación da gratuidade por parte do Goberno de España e posterior traspaso da súa titularidade á Xunta de Galicia.”

11.8306.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA (EXPT. 2024075806)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/dpG5WgtVurM2p4RCw0NrU4re37QCEd1ivrSV6e7tZS8mgiI2>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE, rexeitar a Moción do



Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista.

12.8307.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE RECLAME Á XUNTA DE GALICIA INCREMENTAR DE XEITO URXENTE O REFORZO DOS EQUIPOS DE DEPENDENCIA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS (EXPTE. 2024075831)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/J5NfWmXAfS6PXg8xIVHG80JbDG5rPtRp uVtNt1u6Adn13GIe>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que reclame á Xunta de Galicia incrementar de xeito urxente o reforzo dos equipos de dependencia do Servizo de Axuda no Fogar e outros acordos complementarios.

13.8308.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN UN APOIO FIRME CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO (EXPTE. 2024075833)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/w3qktdBeA7geGuBLmyZ93urXml NAn0JFlnS3vWoFd9VOANo6>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico de 22 de novembro de 2024, acorda por unanimidade, aprobar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación un apoio firme contra a violencia de xénero, co engadido no final do punto 4 do seguinte: “...da prostitución da muller en todas as súas formas”.



Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2024 déixanos a terrible cifra de 40 mulleres asasinadas no noso país, 4 na nosa provincia, todas elas vítimas da violencia de xénero. Unha media de 19 denuncias ao día e os últimos datos recollidos do 1º semestre de 2024 dinnos que se pediron ante os xulgados de violencia sobre a muller 448 ordes de protección, das que se concederon o 63,8% e os órganos xudiciais galegos ditaron 584 sentencias, das cales o 83,5% foron condenatorias.

A violencia machista constitúe hoxe o principal obstáculo para sermos unha sociedade plenamente democrática e os gobernos de todas as administracións deberían situar esta preocupación nun lugar prioritario das súas axendas políticas.

Non podemos considerarnos unha sociedade xusta ata acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e ata conseguir a eliminación total de calquera violencia que sexa exercida contra unha muller polo mero feito de selo.

E un dos eidos nos que debemos prestar máis atención é tamén no do apoio e concienciación sobre unha das formas de violencia máis extrema como é a prostitución e a trata de mulleres e nenas con fins sexuais.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

1. Aumentar de xeito urxente o orzamento da área de Igualdade ata acadar, cando menos, a cantidade coa que contaba no mandato anterior.
2. Se incrementen os programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista.
3. Se impulsen campañas de sensibilización e información, dirixidas aos diferentes sectores de poboación, co fin de contrarrestar as mensaxes negacionistas e incrementar a concienciación e comprensión pola cidadanía das distintas manifestacións das formas de violencia contra as mulleres.



4. Se consensúe unha declaración con todos os grupos políticos que conformamos este pleno para declarar á Deputación de Pontevedra como unha institución abolicionista da prostitución da muller en todas as súas formas.”

14.8309.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/iNPidNzFFaqGEQRaUBfery1N6nh8cOeUA0rMPqTpuIBqrpLj>

Non houbo.

Polo Presidente incorpórase o punto 16 a esta parte resolutiva.

16.8311.- **CORRECCIÓN DE OFICIO DO ERRO DE FEITO DETECTADO NO APARTADO 6.2.1.d) DA BASE SEXTA DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA (EXPTES. 2024077424-2024062370-2024068265)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/LYx6bF7k1KLaiwZCOysvVJUievYDsW7zd5EWwLgnPpOwmNuz>

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 18/10/2024, mediante o acordo 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, as cales se publicaron no BOPPO nº 206, de 22/10/2024.

O Servizo de Cooperación detecta que nas ditas bases aprobadas e publicadas existe un erro de feito no apartado 6.2.1.d) da base Sexta relativa aos criterios de concesión e cuantificación das solicitudes.

Onde di: “Reto demográfico, calculado a partir dos datos definidos polo IGE en relación coa prima demográfica de perda de poboación entre 2022 e 2023”.

Debe dicir: “Reto demográfico, calculado a partir dos datos definidos polo IGE en relación coa prima demográfica de perda de poboación entre 2022 e 2013”.



O erro xustifícase en que nestas Bases, para calcular a perda de poboación nos distintos concellos, cómpre o emprego dun período amplo de tempo como unha década e non soamente o transcurso dun ano.

De conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

O Pleno, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE, a corrección de oficio do erro de feito detectado no apartado 6.2.1.d) da base Sexta do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

b) Parte de información e control:

15.8310.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2024 (EXPTES. 2024075382-2024071478).**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/OOjJjNVCq2bJtivFaetipK'TLpqmpCfcjstJdKLwv8yejYy7>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de outubro de 2024, asinado polo Interventor e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 7 de novembro de 2024, onde deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da



débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de outubro de 2024 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES OUTUBRO 2024

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Outubro	9,7060464561	3.183.629,35	9,1766088325	1.530.615,86	9,5341492408
Escola de Enfermería	Outubro	5,7122345530	6.950,07	0,0000000000	0,00	5,7122345530
Consorcio de Incendios e Salvamento	Outubro	13,0785865907	44.391,67	3,4571962941	8.987,89	11,4585657881
Consorcio Deza Tabeirós	Outubro	2,5688973500	5.491,43	8,7664170500	2.105,89	4,2867787557
TOTAL			3.240.462,52		1.541.709,64	9,5417390933



En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 22 de novembro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

17.8312.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ajTNtZZ9XbjxRbTpyqy1SguollysZCyF4qieyViy5QyV62o>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucions Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de outubro de 2024.
- b) Relación de extractos de Resolucions do ORAL do mes de outubro de 2024.

18.8313.- **ROGOS E PREGUNTAS**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/TTy5LPVtSNjSxpWn3XW71Z3BaMwDUJ7ju8SA6985nX7LOGiO>

Sr. Presidente.- E rematamos cos rogos e preguntas, ten a palabra. Comezamos por Ana. Ten a palabra dona Ana Laura Iglesias González.

Sra. Iglesias González.- Moitas grazas presidente. Si, temos unha pregunta: ¿cando teñen previsto iniciar as obras da EP-2702, que pasa por Pazos de Borbén?, despois de tanto tempo de espera dos atrasos inxustificadas.

Sr. Presidente.- Non habendo máis preguntas, agora ten por parte do Bloque Nacionalista Galego, María Manuela Rodríguez Pumar.

Sra. Rodríguez Pumar.- Pois é un rogo e é que teñan en conta unha proposta de melloras no proxecto de reforma da estrada provincial EP-2601, Puxeiros-Mos, ao seu paso por Dornelas que se presentou por Rexistro onte, e que xa presentaron tamén no propio Concello, que son propostas achegadas tamén pola veciñanza para mellorar o proxecto antes de que se leve a efecto.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas. Ben, pois non habendo máis cuestións que tratar neste Pleno ordinario, damos por rematada a sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 29 de novembro de 2024 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 29-novembro-2024”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 -
0ca7ac44e9f7c76dd49e78aec1126317f088c157aa270252515d9181f1f91bba77e608d41f7771d36d3bd12dd698edc7bdab80e5207022829e5983d422f265c4



xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións das/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións.

O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa:
<https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=NTc4NDg0YzEtOGVvNS00ODU0LTljZjgtNzcxOWI4M2U5MGQw>

Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Bastos Míguez, María Sandra; Álvarez Carrero, Roberto José; Couselo Torres, María Isabel; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María M`nuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz.

00:01:34 : 1. Aprobación dos borradores das actas anteriores extraordinaria e ordinaria do 18 e 25 de outubro e extraordinaria do 8 de novembro.

00:02:03 - Iglesias González, Ana Laura

00:02:44 - López Diéguez, Luis

00:03:14 - Iglesias González, Ana Laura

00:03:44 - López Diéguez, Luis

00:06:12 - Mosquera Lorenzo, César

00:07:16 - López Diéguez, Luis

00:08:11 : 2. Prórroga do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023 (exptes. 2024077416-2021056329).

00:08:11 - López Diéguez, Luis

00:08:27 - Cubela López, Jorge

00:10:00 - López Diéguez, Luis

00:10:07 - Mosquera Lorenzo, César

00:12:56 - López Diéguez, Luis

00:13:36 : 3. Aprobación do proxecto técnico reformulado da actuación “Construción edificio polivalente de Carragoso” presentado polo Concello de Lalín ao abeiro do Programa PON2030 (exptes. 2024077421-2023030757).



- 00:13:54 : 4. Aprobación do proxecto técnico reformulado da actuación “Mobilidade amable e recuperación de espazos públicos: Avda. Constitución e contorna dos Xardíns da Xiralda (r/Concha Brey)” presentado polo Concello de Pontearreas ao abeiro do Programa PON2030 (exptes. 2024077422-2023030693).
- 00:14:19 : 5. Aprobación do proxecto técnico modificado da actuación “Rehabilitación de edificio para centro social e de maiores” presentado polo Concello de Vilaboa ao abeiro do Programa PON2030 (exptes. 2024077423-2023030350).
- 00:14:38 : 6. Addenda ao Convenio de encomenda de xestión da Deputación ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para realizar intervencións en xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra e estudos de materiais (exptes. 2024077426-2022033316).
- 00:14:56 - Cubela López, Jorge
00:16:02 - López Diéguez, Luis
- 00:16:28 : 7. Aprobación inicial do proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na EP-1203 O Campo-Pardavila (Concello de Marín)” e do expediente de expropiación (exptes. 2023058766-2024059583).
- 00:16:45 - Cubela López, Jorge
00:19:05 - López Diéguez, Luis
- 00:19:28 : 8. Aprobación definitiva do proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil entre o pq 0+000 e 2+500 da EP-0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)” e do expediente de expropiación (expte. 2024039042).
- 00:19:48 - Cubela López, Jorge
00:20:34 - López Diéguez, Luis
00:20:40 - Mosquera Lorenzo, César
00:22:49 - López Diéguez, Luis
- 00:23:13 : 9. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana para a transferencia urxente de fondos a Galicia para a creación de alomenos 967 vivendas públicas na provincia de Pontevedra ou para que asuma directamente a súa construción (expte. 2024075804).
- 00:23:37 - Cubela López, Jorge
00:28:36 - Mosquera Lorenzo, César
00:32:00 - López Diéguez, Luis
00:32:06 - Iglesias González, Ana Laura
00:37:21 - López Diéguez, Luis
00:37:28 - Cubela López, Jorge
00:40:38 - López Diéguez, Luis
00:40:41 - Mosquera Lorenzo, César



00:42:17 - López Diéguez, Luis
00:42:24 - Iglesias González, Ana Laura
00:45:33 - López Diéguez, Luis
00:45:37 - Iglesias González, Ana Laura
00:45:42 - López Diéguez, Luis
00:45:53 - Cubela López, Jorge
00:48:06 - López Diéguez, Luis

00:48:45 : 10. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible para a conxelación de tarifas da autoestrada AP-9 desde o 1 de xaneiro de 2025 coa aprobación de bonificacións universais (expte. 2024075807).

00:48:56 - López Diéguez, Luis
00:49:00 - Ramallo Vázquez, María Pilar
00:52:24 - López Diéguez, Luis
00:52:27 - Mosquera Lorenzo, César
00:56:18 - López Diéguez, Luis
00:56:24 - Iglesias González, Ana Laura
01:01:58 - López Diéguez, Luis
01:02:11 - Ramallo Vázquez, María Pilar
01:03:49 - López Diéguez, Luis
01:03:59 - López Diéguez, Luis
01:04:18 - Iglesias González, Ana Laura
01:07:29 - López Diéguez, Luis
01:07:40 - Ramallo Vázquez, María Pilar
01:09:54 - López Diéguez, Luis

01:12:23 : 11. Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista (expte. 2024075806).

01:12:39 - Ortega Iñarrea, María
01:17:51 - Iglesias González, Ana Laura
01:19:13 - López Diéguez, Luis
01:19:23 - Bastos Míguez, María Sandra
01:24:48 - López Diéguez, Luis
01:24:51 - Ortega Iñarrea, María
01:27:34 - López Diéguez, Luis
01:27:38 - Iglesias González, Ana Laura
01:30:02 - López Diéguez, Luis
01:30:09 - Bastos Míguez, María Sandra
01:33:46 - Bastos Míguez, María Sandra
01:33:49 - López Diéguez, Luis
01:33:56 - Ortega Iñarrea, María
01:34:59 - López Diéguez, Luis

01:35:25 : 12. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para



esixir da Deputación que reclame á Xunta de Galicia incrementar de xeito urgente o reforzo dos equipos de dependencia do Servizo de Axuda no Fogar e outros acordos complementarios (expte. 2024075831).

01:35:46 - Rivas Gómez, Digna Rosa
01:40:59 - López Diéguez, Luis
01:41:05 - Ortega Iñarrea, María
01:46:13 - López Diéguez, Luis
01:46:17 - Cubela López, Jorge
01:51:39 - López Diéguez, Luis
01:51:55 - Rivas Gómez, Digna Rosa
01:55:14 - López Diéguez, Luis
01:55:27 - Ortega Iñarrea, María
01:57:16 - López Diéguez, Luis
01:57:25 - Cubela López, Jorge
01:58:59 - López Diéguez, Luis
01:59:06 - Rivas Gómez, Digna Rosa
02:01:14 - López Diéguez, Luis

02:01:53 : 13. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da deputación un apoio firme contra a violencia de xénero (expte. 2024075833).

02:02:06 - Iglesias González, Ana Laura
02:05:09 - Iglesias González, Ana Laura
02:07:59 - López Diéguez, Luis
02:08:03 - Ortega Iñarrea, María
02:13:20 - Bastos Míguez, María Sandra
02:18:36 - López Diéguez, Luis
02:18:46 - Iglesias González, Ana Laura
02:22:09 - López Diéguez, Luis
02:22:14 - Ortega Iñarrea, María
02:25:31 - López Diéguez, Luis
02:25:37 - Ortega Iñarrea, María
02:25:47 - López Diéguez, Luis
02:25:57 - Bastos Míguez, María Sandra
02:27:26 - López Diéguez, Luis
02:27:31 - Iglesias González, Ana Laura
02:29:43 - López Diéguez, Luis
02:30:54 - López Diéguez, Luis

02:31:18 : 14. Asuntos fóra da orde do día.

02:31:25 : 16. Corrección de oficio do erro de feito detectado no apartado 6.2.1.d) da base sexta do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra (Exptes. 2024077424-2024062370-2024068265).

02:32:19 : 15. Dar conta do informe de intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2024 (exptes. 2024075382-2024071478).



02:32:33 : 17. Dar conta das Resolucions Presidenciais.

02:32:39 : 18. Rogos e preguntas.

02:32:48 - Iglesias González, Ana Laura

02:33:01 - López Diéguez, Luis

02:33:08 - Rodríguez Pumar, María Manuela

02:33:34 - López Diéguez, Luis

02:34:51 : [FIN]

-- o --

